

## DESINFORMACIÓN E REDES SOCIAIS

### Elisa Piñón Hermida:

Antiga alumna do CPI Atios de Valdoviño e graduada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (colexiada nº 21089 no Col·legi de Periodistes de Catalunya) e especializada en comunicación científica.



Actualmente traballa na comunicación dun proxecto de europeo de investigación do cancro ([ecanja.eu](http://ecanja.eu)) no Institut Català d'Oncologia (ICO) en Barcelona.



A súa traxectoria académica é diversa: ten un máster en Estudos Internacionais sobre Medios, Poder e Diversidade pola Universitat Pompeu Fabra (UPF), e formación en Comunicación Científica Teórica e Práctica pola Universidade de Copenhague (KU).

O seu perocorrido laboral tamén se nutre de múltiples disciplinas: por unha banda traballou como xornalista de actualidade na axencia de noticias Europa Press.

Máis adiante foi asistente de investigación na universidade e finalmente adentreime no mundo da comunicación científica a través dunha start-up adicada á fotónica.

## O proxecto

O proxecto "Desinformación e redes sociais" é un obradoiro que pretende dar resposta á necesidade de achegar recursos e ferramentas en materia de educación mediática a rapaces e rapazas na era dixital. Nun momento de sobreinformación e circulación constante de noticias falsas, a formación de pensamento crítico e a educación mediática son un recurso imprescindible para entender a realidade complexa que vivimos e os cambios que nos enfrentamos como individuos e sociedade.



A formación foi dirixida a rapaces e rapazas de entre 15 e 16 anos, a idade na que comezan a ter axencia propia, capacidade para formar o pensamento crítico e o momento no que seguramente adquiran máis liberdade para navegar por internet e as redes sociais.



A duración do taller adaptouse ás necesidades da aula e o tempo dispoñible da clase. Idealmente está pensada para durar unha hora.

O contido do obradoiro foi o seguinte:

- Pequena introdución persoal para contextualizar quen e de que se vai falar no obradoiro.
- Xogo verdadeiro/falso: proxéctanse na aula varias noticias/publicacións de redes sociais e pídeselle ao estudiantado que decida se pensan que esa noticia/publicación é verdadeira ou falsa. Sométese a debate e revélase a resposta correcta.
- Tipos de desinformación
- Características da desinformación e exemplos
- Por que e quen crea as noticias falsas?
- Como se combate a desinformación?
- Ferramentas para detectar a desinformación



Enlace a galería de fotos: <https://photos.app.goo.gl/5BCzBkCh84WojrAw7>